

**PREGO DE CLÁUSULAS  
ADMINISTRATIVAS PARTICULARES  
PARA A CONTRATACIÓN POR  
PROCEDIMIENTO ABERTO E  
TRAMITACIÓN ORDINARIA DO  
SERVIZO POR PREZOS UNITARIOS  
DE ALUGUER DE DIVERSA  
MAQUINARIA, MANTEMENTO E  
PEQUENAS REPARACIÓNS.**



## ÍNDICE.

### **I. ELEMENTOS DO CONTRATO.**

1. RÉXIME XURÍDICO.
2. OBXECTO DO CONTRATO.
3. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.
4. ORZAMENTO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.
5. FINANCIAMENTO.
6. DURACIÓN DO CONTRATO.
7. REVISIÓN DE PREZOS.
8. PRESTACIÓN DO SERVIZO.
9. PAGO DO PREZO DO CONTRATO.
10. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.
11. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.
12. REQUISITOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

### **II. LICITACIÓN.**

13. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.
14. PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS ELECTRÓNICAS.
15. CRITERIOS DE VALORACIÓN E ADXUDICACIÓN.
16. GARANTÍA PROVISIONAL.
17. MESA DE CONTRATACIÓN.
18. APERTURA DE DOCUMENTACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS.
19. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.
20. CLASIFICACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.
21. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE PRESENTE A OFERTA MÁIS VANTAXOSA.
22. ADXUDICACIÓN.

### **III. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

23. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.



#### **IV. EXECUCIÓN DO CONTRATO.**

24. GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO.
25. RESPONSABLE DO CONTRATO.
26. EXECUCIÓN: CONTIDO, CUMPRIMENTO DEFECTUOSO E INCUMPRIMENTO DO CONTRATO.
27. OBRIGAS ESPECÍFICAS DO CONTRATISTA.
28. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.
29. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.
30. EXTINCIÓN DO CONTRATO.
31. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.
32. TRANSMISIÓN DE DEREITOS DE COBRO.
33. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.
34. RÉXIME DE RECURSOS E XURISDICIÓN COMPETENTE.

#### **V. ANEXOS.**

- ANEXO I. CADRO DE CARACTERÍSTICAS
- ANEXO II. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA.
- ANEXO III. MODELO DE COMPROMISO DE MEDIOS.
- ANEXO IV. MODELO DE USO DE CORREO ELECTRÓNICO.
- ANEXO V. MODELO AVAL, GARANTÍA DEFINITIVA.
- ANEXO VI. COMPROMISOS E DECLARACIÓNS COMPLEMENTARIAS
- ANEXO VII.- PERSONAL A SUBROGAR



## **I. ELEMENTOS DO CONTRATO.**

### **1. RÉXIME XURÍDICO.**

O contrato a que se refire o presente prego é de natureza administrativa e se rexerá, pola Lei 9/2017 (en diante LCSP) de Contratos do Sector Público, (B.O.E., 9 de novembro de 2.017), polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro (RXLCAP). En todo caso, as normas legais e regulamentarias citadas anteriormente serán de aplicación en todo o que non se opoña á LCSP.

Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as de dereito privado.

En cumprimento do establecido no artigo 116.4 da LCSP, o contrato adxudicarase por procedemento aberto, con diversos criterios de valoración como forma de adxudicación. Xustifícase a elección do procedemento aberto por ser un dos procedementos de adxudicación ordinarios e non concorrer circunstancias que recomenden acudir a un procedemento restrinxido, nin ningún dos supostos que permiten a utilización de calquera outro tipo de procedemento (artigo 131.2 LCSP).

O expediente será obxecto de tramitación ordinaria e licitación electrónica.

Como sexa que o valor estimado do presente contrato supera o umbral recollido no artigo 22 da LCSP, autorizada pola Orde HFP/1352/2023 de 15 de decembro. (BOE 20/12/2023) de 221.000,00 euros, atópase suxeito á regulación harmonizada. Na súa consecuencia, son susceptibles de recurso especial en materia de contratación, o anuncio de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que han de rexer a licitación, así como o resto dos actos que determina o artigo 44 da LCSP, nos termos que establecen os artigos 44 a 51, 53 e 56 a 59 da LCSP.

### **2. OBXECTO DO CONTRATO.**

**2.1.** Constitúe o obxecto do presente contrato a prestación de diversos servizos, mantemento e pequenas reparacións así como o aluguer de



diversa maquinaria con condutor no ámbito do Concello de Soutomaior, nos termos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas e no presente Prego.

**2.2.** A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse as prescricións técnicas que se recollen no prego de prescricións técnicas que teñen carácter contractual .

**2.3.** O contrato ten natureza de contrato mixto ao comprender prestacións propias de dous ou mais contratos de servizos, obras e subministros (art. 18 LCSP). Sen embargo o carácter da prestación principal, con gran preponderancia é a de servizo, sendo as restantes de carácter residual. Como contrato de servizos, de acordo co artigo 17 e 18 da LCSP, lle corresponde a codificación:

45500000-2 Aluguer de maquinaria e equipo de construción e de enxeñaría civil con maquinista.

45520000-8 Aluguer de maquinaria para movemento de terras con maquinista.

(Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV) aprobado por Regulamento (CE) 21 3/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007, polo que se modifica o Regulamento (CE) n° 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello que se aproba o Vocabulario Común de Contratos Públicos).

### **3. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.**

O órgano competente para realizar esta contratación e tramitar o expediente, de acordo coa disposición adicional segunda da LCSP así como co réxime de delegacións vixente no Concello de Soutomaior, será a Xunta de Goberno Local.

O mencionado órgano de contratación conforme ao disposto no artigo 190 LCSP e dentro dos límites e con suxeición ao requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os efectos da mesma.

Faise constar expresamente que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de

cláusulas administrativas, prevalecerá este mesmo.

#### **4. ORZAMENTO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.**

De acordo co disposto no artigo 100 da LCSP, o presuposto base de licitación (límite máximo de gasto, que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido) ascende a 590.048,91 €.

Considerase para o cálculo, unha duración de catro anos, o que supón 487.643,73 euros, mais o IVE 102.405,18 euros, resultando unha contía total 590.048,91 €.

De acordo co disposto no artigo 101 da LCSP, o valor estimado do contrato ascende por catro anos, e 20% modificacións previstas a 585.172,47 euros.

O presuposto base de licitación establécese partindo dos prezos base unitarios, realizando os licitadores a mellora, mediante baixa respecto aos mesmos. O prezo do contrato, cuxa contía global virá determinada polo número de unidades efectivamente realizadas, en función das necesidades do servizo, non poderá exceder, por cada ano, das cantidades que figuran como previstas na presente cláusula.

A todos os efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se atopan incluídas todas as contraprestacións económicas dos custes do servizo, tales como os de organización técnica e empresarial, do persoal asignado e a súa formación, así como as substitucións e baixas temporais, os gastos xerais, financeiros, beneficio industrial, seguro, transporte e desprazamentos, taxas e toda clase de tributos, así como todos os gastos que se orixinen á entidade adxudicataria como consecuencia das abrigas contempladas no presente prego.

O tipo de licitación será o seguinte:

Fíxase polos prezos unitarios máximos de cada prestación ou tipo de servizo. No orzamento indícase como partida independente o IVE en base ao artigo 102.1 da LCSP.



Cód.	Ud.	Descrición	Prezo unitario base s/IVE	Previsión	Prezo Base total s/IVE
1.1	km	Desbroce de vial, difícil acceso, por un lateral	487,13 €	35,00	17.049,40 €
1.2	km	Desbroce mecanizado de vial de fácil acceso, por un lateral	176,42 €	35,00	6.174,53 €
2.1	h	Obreiro para pequenas reparacións	23,45 €	340,00	7.973,68 €
2.2	h	Obreiro para traballos de desbroce e xardinería	28,30 €	325,00	9.196,98 €
3.1	h	Pala mixta con maquinista	76,14 €	150,00	11.420,76 €
3.2	h	Pala mixta con picador e con maquinista	86,92 €	50,00	4.346,16 €
3.3	h	Pala eiruga 6.000 kg con maquinista	76,48 €	25,00	1.912,04 €
3.4	h	Pala eiruga 6.000kg con picador e con maquinista	92,87 €	20,00	1.857,44 €
3.5	h	Minipala eiruga 2.700kg con maquinista	43,70 €	75,00	3.277,56 €
3.6	h	Minipala eiruga 2.700kg con picador e maquinista	52,88 €	20,00	1.057,68 €
3.7	h	Minicargadora con maquinista	47,01 €	50,00	2.350,40 €
3.8	h	Minicargadora con varredora de 1,5m e condutor	67,57 €	25,00	1.689,22 €
3.9	h	Tractor con limpapraias con maquinista	55,58 €	60,00	3.334,66 €
3.10	h	Tractor con cuba de 6000L con maquinista	55,58 €	30,00	1.667,33 €
3.11	h	Dumper 1.600 kg con condutor	39,55 €	150,00	5.932,68 €
3.12	h	Carroceta con cesto/pluma 19m/pinza e condutor	79,21 €	250,00	19.801,60 €
3.13	h	Cilindro con maquinista	33,53 €	15,00	502,94 €
3.14	h	Máquina de atascos (Rato) con condutor	81,61 €	20,00	1.632,18 €
3.15	h	Máquina desatascadora de muelles con obreiro	47,74 €	20,00	954,72 €
3.16	h	Máquina regadora de asfalto (sen emulsión) con obreiro	46,78 €	12,00	561,35 €
3.17	h	Máquina cortadora de asfalto con obrero	47,74 €	12,00	572,83 €
3.18	h	Motoserra para formigón con obreiro	77,47 €	12,00	929,64 €
3.19	h	Hidrolimpadora con obreiro	29,20 €	12,00	350,44 €
4.1	m2	Muro de contención de	121,86 €	40,00	4.874,27 €



		cachotería, ata 2,5 m.de altura, para reparación de viales			
4.2	m2	Muro de contención de cachotería, de altura comprendida entre 2,5 m. e 4 m., para reparación de viales	149,00 €	40,00	5.960,03 €
4.3	m3	HM-20 cent plas 40	167,33 €	15,00	2.509,88 €
4.4	m3	HM-25 cent plas 40	171,61 €	15,00	2.574,16 €
4.5	m3	Zahorra artificial / Xabre	31,29 €	25,00	782,34 €
4.6	m3	Area para praias, incluído transporte e extendido	26,56 €	25,00	664,04 €
PRESUPOSTO ANUAL					121.910,93 €
21% IVE					25.601,30 €
PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN ANUAL					147.512,23 €

<b>PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN</b>			
		IVE (21%)	TOTAL
<b>PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN</b>	487.643,73 €	102.405,18 €	<b>590.048,91 €</b>
= 121.910,93 €/ano x (4) anos			

<b>VALOR ESTIMADO</b>	
Valor estimado 4 anos	487.643,73 €
20 % modificacións	97.528,75 €
<b>Valor Estimado</b>	<b>585.172,47 €</b>

En función das necesidades de prestación do servizo, as unidades anuais fixadas poderán sufrir variación, que en todo caso serán obrigatorias para o contratista.

O número de unidades sinaladas son unha estimación, polo que no caso de que sexa necesario un aumento de unidades de algunhas prestacións o Concello poderá modificar (previa tramitación de expediente que acredite a dispoñibilidade orzamentaria) de conformidade co artigo 204 da LCSP o contrato incrementando o número de unidades cuxo custo máximo non poderá superar o 20% do prezo indicado na licitación deste contrato.

Así mesmo e dado que o número de unidades das diferentes prestacións





do contrato son unha estimación pode acontecer que o número de unidades efectivas sexa inferior ao número de unidades estimadas. Neste caso o contratista só terá dereito a percibir o custo das unidades efectivamente realizadas.

## 5. FINANCIAMENTO.

Con carácter meramente estimativo se recolle na seguinte táboa as partidas orzamentarias do presuposto do ano 2024 afectadas polo presente contrato, así como a súa porcentaxe sobre o prezo do mesmo, e en base a estes porcentaxes estimase o saldo de crédito a partir do día 01/08/2024 ata o 31/12/2024. A eficacia do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas do contrato no exercicio correspondente.

<b>APLICACIÓN ORZAMENTARI A</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>% SOBRE O PREZO</b>	<b>Saldo de crédito (€) 5 MESES</b>
171.22799	Traballos realizados por outras empresas ou profesionais	15%	9.219,51
1722.22799	Traballos realizados por outras empresas ou profesionais	15%	9.219,51
323.22799	Traballos realizados por outras empresas ou profesionais	3%	1.843,91
454.22799	Traballos realizados por outras empresas ou profesionais	67%	41.180,50
<b>TOTAL</b>			<b>61.463,43</b>

Establécese a posibilidade de que durante a execución do presente contrato procédase a variar as porcentaxes estimadas das partidas afectadas sen alterar o prezo do mesmo, sempre que exista consignación orzamentaria nas referidas partidas. Así mesmo, debido ás finalidades diversas ás que poden ir destinados os traballos obxecto da contratación, que variarán segundo as necesidades dos distintos servizos, poderase dar a circunstancia que determinados gastos aplíquense a aplicacións orzamentarias distintas das indicadas anteriormente, sempre que se acredite con carácter previo á aprobación da factura, a existencia de consignación orzamentaria na partida non incluída na táboa anterior.



Tanto a variación nas porcentaxes como a inclusión de partidas non incluídas na táboa anterior non supón unha modificación do contrato, podendo facerse efectiva sen máis trámite, que a acreditación da existencia de consignación orzamentaria na partida afectada.

## **6. DURACIÓN DO CONTRATO.**

A duración do contrato será de CATRO (4) ANOS dende a formalización do mesmo.

## **7. REVISIÓN DE PREZOS.**

De conformidade co disposto no artigo 103 da LCSP non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e, xa que logo, non se aplicará fórmula algunha de revisión.

## **8. PRESTACIÓN DO SERVIZO.**

A prestación do servizo efectuarase de conformidade co prego de prescricións técnicas, e que teñen o carácter de mínimas.

## **9. PAGO DO PREZO DO CONTRATO.**

Os pagos realizaranse mensualmente, por meses vencidos, con cargo a previstos no Orzamento do Concello, previa presentación das correspondentes facturas das unidades das diferentes prestacións realizadas, coa conformidade do responsable do departamento municipal correspondente e fiscalización de Intervención.

O adxudicatario estará abrigado a presentar factura electrónica a través da plataforma FACE, no prazo de 30 días, tal e como establece a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas electrónicas do Sector Público (BOE nº 311, 28 de decembro de 2013).

Estas facturas serán revisadas e conformadas polo responsable do Servizo municipal correspondente, fiscalizadas pola Intervención e aprobadas polo órgano competente que se abonarán conforme o disposto no artigo 198 da LCSP.

O contratista non poderá recibir ningún tipo de ingreso, sexa en forma de prezo, taxa ou tarifa, directamente do usuario, por razón da prestación do servizo.



## **10. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.**

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade para obrar, non estean incursas en causa de prohibición para contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional polos medios dos artigos 65 e seguintes da LCSP que se fan constar no cadro de características do contrato (ANEXO I).

De conformidade co establecido nos artigos 65 e 66 da LCSP, os empresarios deberán contar ca habilitación empresarial ou profesional que no seu caso sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. Así mesmo, as persoas xurídicas so poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización e elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Respecto das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea estarase ó disposto nos artigos 67, 78.1, 72.2, 84.2 e 97 da LCSP e no artigo 9 do RXLCAP.

Respecto das empresas estranxeiras non comunitarias estarase ó disposto no artigo 68 e 84.3 da LCSP e no artigo 10 do RXLCAP.

Así mesmo a Administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúa temporalmente ao efecto, de conformidade co establecido no artigo 69 da LCSP.

Para que na fase previa á adxudicación sexa eficaz a unión temporal fronte á Administración, será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados en ela indiquen os nomes e circunstancias dos que a constitúan, a participación de cada un deles, a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ostentará a representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizar a mesma, en escritura pública, dentro do prazo de quince días seguintes ó



da data na que reciba a notificación de adxudicación.

## 11. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.

Á vista do establecido no artigo 77.1.b da LCSP, non se esixe clasificación. No presente caso será suficiente que acrediten ante o órgano de contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos que se indica na cláusula seguinte.

## 12. REQUISITOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

A solvencia económica e financeira deberá acreditarse mediante a achega dun seguro de indemnización por riscos profesionais que garanta unha contía equivalente ao valor medio anual do contrato (146.293,12 €).

Acreditación da solvencia técnica aportarase unha relación asinada polo representante da empresa, dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Dita relación deberá presentarse segundo o cadro modelo, que se reflicte de seguido:

DENOMINACIÓN DO SERVIZO OU TRABALLO	DESTINATARIO	DATAS INICIO E REMATE DA EXECUCIÓN (DÍA/MES/ANO)	IMPORTES	DESCRICIÓN

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario. Non se admite que unha persoa física particular que recibe a prestación do servizo certifique a súa boa execución. Nos certificados e declaración que se aporten farase constar si o servizo foi prestado con arranxo ao pregos e/ou coas obrigas contractuais.

Conforme ao indicado no parágrafo anterior estimaranse solvente tecnicamente o licitador que acredite a boa execución nos tres anos anteriores á data de publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, dun ou varios traballos que garden relación co obxecto do contrato cuxos importes acumulados sexan iguais ou superiores ao valor



medio anual do contrato que ascende a (146.293,12 €).

Así mesmo, deberá axuntarse un compromiso de adscrición dos medios persoais e materiais esixidos nos pregos de prescricións técnicas. Modelo establecido no ANEXO III.

## **II. LICITACIÓN.**

### **13. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.**

O contrato adxudicarase por procedemento aberto e con pluralidade de criterios en aplicación do artigo 146 da LCSP, conforme aos termos e requisitos establecidos no devandito texto legal, tramitación común e regulación harmonizada.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa da actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente á licitación no perfil do contratante na plataforma de contratación pública do estado: ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

A totalidade do procedemento de licitación se levará a cabo mediante formato electrónico a través da Plataforma de Contratación del Sector Público.

### **14. PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN ELECTRÓNICAS.**

A presente licitación ten carácter electrónico @s licitador@s deberán preparar e presentar as súas ofertas obrigatoriamente de forma electrónica a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas da Plataforma de Contratación do Sector Público

- A utilización destes servizos supón :
- A preparación e presentación de ofertas de forma telemática pol@licitad@r.
- A custodia electrónica de ofertas polo Sistema.
- A apertura e avaliación da documentación a través da plataforma.

O prazo para presentar as proposicións (35 días naturais) sinálase no Anexo I dos presentes pregos, contados desde a data de envío do anuncio



de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

Dito prazo só poderá ser prorrogado de concorrer as circunstancias previstas no art. 136 da LCSP.

O anuncio será publicado así mesmo no Perfil do Contratante do Concello de Soutomaior ([www.soutomaior.gal](http://www.soutomaior.gal)) aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACE). En caso de resultar festivo o día de finalización do prazo, quedará automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte.

A presentación se fará **exclusivamente de forma electrónica** a través da Ferramenta de Preparación e Presentación de ofertas que a Plataforma de Contratación do Sector Público pon a disposición de candidatos e entidades licitadoras para tal fin.

Por este motivo, para participar nesta licitación, é importante que os licitadores interesados rexístranse, no caso de que non o estean, na Plataforma de Contratación do Sector Público. Guía de axuda en:

[https://contrataciondelestado.es/wps/wcm/connect/c6451e55-7ffc-48fa-97f4-72d7b6735a38/GuiaLicitacion\\_v5.4+UOE+empresas.pdf?MOD=AJPERES&CACHEID=c6451e55-7ffc-48fa-97f4-72d7b6735a38](https://contrataciondelestado.es/wps/wcm/connect/c6451e55-7ffc-48fa-97f4-72d7b6735a38/GuiaLicitacion_v5.4+UOE+empresas.pdf?MOD=AJPERES&CACHEID=c6451e55-7ffc-48fa-97f4-72d7b6735a38)

A licitación electrónica e a presentación de ofertas electrónicas implica que a documentación poderá enviarse en arquivos ou sobres virtuais, durante o prazo de presentación de ofertas, na Plataforma de Contratación do sector público, durante as 24 horas do día. O último día do prazo de presentación de ofertas poderá facerse ata as 23 horas 59 minutos e 59 segundos. Se a oferta é recibida despois de devandito prazo e horario será excluída.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares estará publicado no Perfil do Contratante do Concello de Soutomaior , [www.soutomaior.gal](http://www.soutomaior.gal).

A oferta electrónica (os tres sobres) e calquera outro documento que a acompañe deberán estar asinados electrónicamente por algún dos sistemas de firma admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Para garantir a confidencialidade do contido dos arquivos electrónicos que conteñan a oferta até o momento da súa apertura, a ferramenta cifrará



devanditos arquivos electrónicos no envío.

Unha vez realizada a presentación, a ferramenta proporcionará á entidade licitadora un xustificante de envío, susceptible de almacenamento e impresión, co selo de tempo.

Unha vez remitida a proposición, non poderá ser retirada salvo causa debidamente xustificada.

As proposicións se presentarán telemáticamente a través da Plataforma de Contratación del Sector Público (en diante PLACSP) e constarán de tres arquivos ou sobres virtuais coa sinatura electrónica do licitador ou persoa que lle represente.

A documentación incluída deberá estar debidamente numerada e farase constar nunha folla independente o contido do sobre con indicación das páxinas ás que corresponde.

No caso de discrepancia entre as cantidades consignadas en número e letra, prevalecerán as primeiras sobre as segundas.

A concorrencia das circunstancias a que se refire o art. 84 do RD 1098/2001 provocará a desestimación da oferta. No entanto, as indefinicións, contradicións, incongruencias ou erros similares que afecten a un único criterio, e non á proposta no seu conxunto ou ás condicións mínimas da prestación, só motivará que o criterio en cuestión non sexa valorado

A presentación de proposicións presume por parte do/a licitador/a a aceptación incondicional das cláusulas deste Prego e do resto dos documentos contractuais, sen excepción algunha, así como a declaración responsable da exactitude de todos os datos presentados e de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para a contratación dos traballos.

Os criterios que servirán de base para a adxudicación son os establecidos nos presentes pregos. Non se valorarán criterios distintos aos sinalados.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen que procedan variantes ou ofertas condicionadas. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente





ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A valoración daqueles criterios que non poidan ser avaliados por fórmulas matemáticas de proporcionalidade esixirá despois informe técnico motivado.

Os documentos escaneados que se acompañen ás proposicións haberán de ser dos orixinais. Non obstante, admitiranse escaneado de fotocopias compulsadas notarialmente ou por funcionarios de outras Administracións Públicas, ou que o sexan, previamente á súa aportación, pola Secretaria Xeral do Concello ou por Técnico de Administración Xeral desta institución, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

Toda a documentación presentarse en galego ou castelán. Os licitadores estranxeiros presentarán a súa documentación traducida de forma oficial a algunha das anteriores linguas.

Tal como prevé o artigo 133 LCSP, as empresas licitadoras terán que indicar, se é o caso, mediante unha declaración complementaria, que documentos administrativos e técnicos e datos presentados son, ao seu parecer, constitutivos de ser considerados confidenciais e deberán ser indicados no Anexo VI do PCAP. Esta circunstancia deberá ademais reflectirse de xeito claro (sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma) no propio documento sinalado como tal. Os documentos e datos presentados polas empresas licitadoras poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos, prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector ou ben estean comprendidas nas prohibicións establecidas na Lei Orgánica de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e a Lei de Protección de datos de Carácter Persoal. De non achegar esta declaración considerarase que ningún documento ou dato posúe devandito carácter.

#### **14.1. Sobre A. "Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) e documentación xeral". Ten que presentarse electrónicamente**

Os licitadores terán que presentar a seguinte documentación:

##### **14.1.1.- DEUC**

De acordo co sinalado no art. 140.1.a) LCSP os licitadores presentarán





unha Declaración responsable que se axustará ao formulario do Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) asinado polo licitador segundo o modelo contido no Anexo II do Regulamento de Execución (UE) 2016/7 da Comisión do 5 de xaneiro de 2016 polo que se establece o formulario normalizado do documento europeo único de contratación (DOUE 06.01.2016), cuberto de conformidade co indicado na Resolución do 6 de abril de 2016, da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, pola que se publica a Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a utilización do Documento Europeo Único de Contratación previsto na nova Directiva de contratación pública (BOE/BOE núm. 08.04.2016).

(Farase constar un CIF ou NIF ao que dirixir as notificacións telemáticas para o seu acceso mediante certificado electrónico de representante ou certificado persoal respectivamente).

Para poder cubrir o Anexo referido á declaración responsable mediante o modelo normalizado Documento Único Europeo de Contratación (DEUC) os licitadores utilizen o documento situado na seguinte URL:

<https://visor.registrodelicitadores.gob.es/esp-d-web/filter?lang=es>

Os licitadores poden consultar as “Instrucións para cubrir o anexo Documento Único Europeo de Contratación (DEUC) polos licitadores” publicadas na seguinte URL:

<https://contrataciondelestado.es/wps/wcm/connect/dda248ea-4a1d-4136-9b1a-59fd30025892/DOC20170819095309DOC20170706104130Instrucciones-cumplimentacion-DEUC-licitadores.pdf?MOD=AJPERES>

Os documentos acreditativos da personalidade, capacidade e solvencia só serán esixidos ao contratista proposto como adxudicatario. Por tanto no sobre A só se incluíra a declaración responsable á que se refire este apartado desta cláusula, salvo que o licitador deba incluír na mesma, polas circunstancias nas que concorre a esta licitación, a documentación que se sinala a continuación.

En todo caso, o órgano de contratación poderá solicitar, en calquera momento anterior á adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas



para ser adxudicatario do contrato.

#### **14.1.2.- Declaración responsable (Anexo VI)**

Os licitadores deberán presentar o “Documento de compromisos e declaracións complementarias”, axustado ao modelo que figura no anexo VI deste prego.

#### **14.1.3.-**

a) Os licitadores deberán sinalar unha dirección de correo electrónico na que recibir o aviso de notificacións que se lle practiquen. Esta dirección de correo electrónico haberá de ser a mesma que puidera facilitar ao Concello a estes efectos noutros procedementos nos que intervíra. (Segundo o modelo que figura como Anexo IV deste prego)

b) Declaración de empresas vinculadas: no suposto de que a empresa concorra á participación neste procedemento con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos do art. 139 LCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

c) Documento de compromiso de medios (segundo o modelo que figura como ANEXO III neste prego). Documento acreditativo do compromiso de dedicar ou adscribir ó contrato os medios persoais e materiais suficientes para a debida execución do mesmo.

#### **14.1.4.-**

Os que desexen concorrer integrados nunha unión temporal de empresas (UTE) deberán:

- Cada empresa que vaia a integrar a UTE deberá presentar o DEUC indicado no 14.1.1, así como “Documento de compromisos e declaracións complementarias” (Anexo VI), asinadas polos representantes das empresas.
- Engadir unha declaración indicando os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. Esta declaración será



asinada por todos os representantes das empresas integrantes.

- As restantes declaracións e proposicións ou ofertas da UTE deberán de ser asinadas tamén polos representantes de cada unha das empresas integrantes. No entanto, poderán ser subscribas polo apoderado único referido no art. 69.3. da LCSP, de xa atoparse nomeado, cando se refiran ás ofertas ou circunstancias da propia UTE.

**14.1.5.-** Ademais dos documentos e das declaracións a que se refiren os apartados anteriores, as empresas estranxeiras, deberán achegar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

No caso de empresas non comunitarias deberán ademais incluír:

- Informe de reciprocidade: As empresas non comunitarias deberán presentar o Informe de reciprocidade a que se refire o artigo 68.1 LCSP coas excepcións previstas no mesmo.
- Sucursal en España e designación de apoderados: Ademais da declaración responsable a que se refire os apartados anteriores, as empresas non comunitarias, deberán achegar un compromiso de apertura dunha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean rexistradas no Rexistro Mercantil (artigo 68.2)

Cando unha empresa recorra á capacidade doutras entidades, deberase xuntar o DEUC destas, de forma separada e por cada unha das entidades de que se trate.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe, así como a inadecuación ou insuficiencia de tales para acreditar os extremos requiridos en atención ao obxecto e características do contrato, ou a súa falta de aportación sen máis no momento do seu requirimento, motivará a desestimación da oferta presentada e o requirimento da documentación á seguinte máis vantaxosa. Elo sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas as que houbera lugar.



Non obstante, os operadores económicos que o estimen poderán instar a súa admisión ao amparo do art. 57.6 da Directiva 2014/24/UE, sempre que a súa fiabilidade quede suficientemente demostrada segundo dito precepto.

#### **14.2. Sobre B. "Referencias técnicas dos criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes". Ten que presentarse electrónicamente.**

Neste sobre incluírase a documentación relativa a aqueles criterios de valoración a cuantificación da cal dependa dun xuízo de valor que impida a súa valoración mediante cifras ou porcentaxes. Evitarase a presentación de documentación relativa a xeneralidades sobre a empresa ou a criterios non avaliados.

Unicamente se incluírá neste sobre a documentación xustificativa dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor e non avaliados mediante fórmula aritmética, que establece o presente Prego na cláusula 15.2.

A documentación correspondente á oferta deberá presentarse nun documento na mesma orde na que aparecen os criterios de valoración de ofertas neste PCAP e un índice de documentos. O documento non poderá ter unha extensión superior a 25 páxinas, escritos en letra tipo Arial, Times New Roman ou similar, de tamaño mínimo 12, espazo sinxelo. Non se valorará a documentación que exceda o número de páxinas indicado.

O texto presentarase en follas A-4, mentres que os planos e gráficos poderán presentarse tamén en follas A-3, ou A-1, computándose cada unha como unha páxina.

Os licitadores só poderán propor unha solución por cada apartado ou criterio de adjudicación, descartándose variantes técnicas ou condicionadas.

Calquera referencia neste sobre "B" que permitan deducir directa ou indirectamente a oferta económica formulada polo proponente será causa de exclusión do procedemento de licitación.

#### **14.3. Sobre C. "Oferta económica". Ten que presentarse electrónicamente.**



A proposición se corresponderá cun arquivo electrónico asinado polo licitador co contido seguinte:

A oferta económica formulada estritamente segundo o modelo que figura como ANEXO II do presente prego.

Non se aceptarán aquelas propostas que conteñan omisións, erros ou rascaduras que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundado para considerar a oferta. Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola Mesa de contratación mediante resolución motivada, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión de algunhas palabras do modelo si elo non altera o seu sentido.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de seis meses a contar desde a apertura das proposicións.

Faise constar expresamente a que a oferta que cada licitador inclúa neste sobre non será subsanable en ningún caso, e polo tanto, non se outorgara a súa corrección ou emenda.

## **15. CRITERIOS DE VALORACIÓN E ADXUDICACIÓN.**

### **15.1. Criterios de adxudicación avaliados mediante a aplicación dunha fórmula aritmética. Ata 60 puntos:**

- **% de desconto:** 35 puntos (sobre C)

Fórmula: O licitador que realice a oferta máis baixa obterá a máxima puntuación e o resto das ofertas económicas puntuarase en relación proporcional directa, conforme á seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación} = (\text{OV}/\text{MO}) \times 35$$

MO = Mellor oferta en % desconto

OV = Oferta a valorar en % de desconto



Aos efectos de cálculo do % de desconto de cada oferta, considerarase unha ponderación de desconto correspondente, segundo a seguinte táboa, para cada prestación.

Descrición	%
Desbroce de vial, difícil acceso, por un lateral	11
Desbroce mecanizado de vial de fácil acceso, por un lateral	5
Obreiro para pequenas reparacións	6,5
Obreiro para traballos de desbroce e xardinería	7,5
Pala mixta con maquinista	9,5
Pala mixta con picador e con maquinista	3,5
Pala eiruga 6.000 kg con maquinista	1,5
Pala eiruga 6.000kg con picador e con maquinista	1,5
Minipala eiruga 2.700kg con maquinista	2,5
Minipala eiruga 2.700kg con picador e maquinista	1
Minicargadora con maquinista	2
Minicargadora con varredora de 1,5m e condutor	1,5
Tractor con limpapraias con maquinista	2,5
Tractor con cuba de 6000L con maquinista	1,5
Dumper 1.600 kg con condutor	5
Carroceta con cesto/pluma 19m/pinza e condutor	15
Cilindro con maquinista	1
Máquina de atascos (Rato) con condutor	2
Máquina desatascadora de muelles con obreiro	1
Máquina regadora de asfalto (sen emulsión) con obreiro	1
Máquina cortadora de asfalto con obreiro	1
Motoserra para formigón con obreiro	1
Hidrolimpadora con	1



obreiro	
Muro de contención de cachotería, ata 2,5 m.de altura, para reparación de viales	4
Muro de contención de cachotería, de altura comprendida entre 2,5 m. e 4 m., para reparación de viales	5
HM-20 cent plas 40	2
HM-25 cent plas 40	2
Zahorra artificial / Xabre	1
Area para praias, incluído transporte e extendido	1

- **Tempo máximo de espera:** ata 15 puntos (sobre C)

Dende que se solicita o aluguer dun equipo ou a prestación ata que chega ao lugar de actuación, non deben transcorrer máis de 6 horas, para a valoración deste criterio a empresa que oferte o menor tempo de espera se lle outorgarán 15 puntos e a oferta que inclúa o tempo de espera máis elevado outorgaráselle 0 puntos. Para valorar as restantes ofertas aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 15 \times \text{diferencial oferta} / \text{maior diferencial}$$

P é a puntuación a obter por cada licitador.

Diferencial oferta = oferta que inclúa o tempo de espera máis elevado oferta a considerar

Maior diferencial = oferta que inclúa o tempo de espera mais elevado oferta que inclúa o menor tempo de espera.

- **Horas semanais de dispoñibilidade dos equipos e persoal:** ata 10 puntos (sobre C)

Polo menos deberán estar dispoñibles 12 horas/día de luns a venres e 6 horas/día sábados, festivos e domingos, é dicir  $12 \times 5 + 6 \times 2 = 72$  h/semana

A puntuación a obter por cada licitador será: 10 puntos á oferta de maior





dispoñibilidade á semana, 0 puntos á oferta que ofrezca 72 h/semana, e o resto de forma proporcional.

### **15.2.- Criterios de adxudicación avaliados mediante a aplicación dun xuízo de valor e non mediante a aplicación dunha fórmula aritmética (Sobre B) Ata 40 puntos:**

- **Experiencia e coñecemento** do territorio e dos servizos a prestar, do persoal proposto para a execución do contrato (ata 25 puntos, valorarase tendo en conta a xustificación que aporten os licitadores).
- **Base operativa dos Equipos:** ata 10 puntos, valorarase tendo en conta a acreditación da dispoñibilidade do local proposto, as características e a situación do local-base de operacións dos equipos, que facilite a rapidez de actuacións e dispoñibilidade destes, ante os posibles requirimentos municipais de prestación de servizos.
- **Sistema de control proposto** para albarás, que permitan a facturación detallada e individualizada, ata 5 puntos, valorarase considerando o sistema que permitan un control por actuación, servizo e períodos temporais, de forma áxil, e posibilite a automatización.

Non se avaliarán criterios distintos aos sinalados, nin variantes sobre estes pregos e os pregos de prescricións técnicas. Non poderán negociarse, nin se considerarán as ofertas ou melloras sobre criterios distintos dos establecidos.

**Criterios de desempate:** De acordo co establecido no artigo 147 da LCSP, cando unha ou varias proposicións igualem, nos seus termos, á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adxudicación, terán preferencia na adxudicación do contrato as proposicións presentadas por aquelas empresas que acrediten ter contratados un número de traballadores con discapacidade superior ó 2% da súa plantilla. Se aínda así persistira o empate, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla.

A estes efectos as empresas, no seu caso e previo requirimento do órgano de Contratación, achegarán a documentación que xustifique o número de traballadores con discapacidade sempre que sexa igual ou superior ao 2%





do cadro de persoal e o número destes que sexan fixos en relación o seu cadro de persoal

## **16. GARANTÍA PROVISIONAL.**

En consonancia co disposto no artigo 106 da LCSP, os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

## **17. MESA DE CONTRATACIÓN.**

De conformidade co disposto no artigo 326 da LCSP, para este procedemento constituirase unha Mesa de Contratación.

Para a cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas, constituirase a Mesa de contratación de conformidade co establecido na disposición adicional segunda, apartado 7 da LCSP, que estará presidida polo, Sr. alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, e dela formarán parte, como vogais, a Sra. Secretaria-Interventora do Concello ou quen legalmente a substitúa, e a Sra. Secretaria - Interventora adxunta, ou quen legalmente lle substitúa, e un técnico/a designado ao efecto. Actuará como Secretaria un/unha funcionario/a adscrito/a ao Servizo de Secretaría.

Respectando dita composición, a identificación e determinación dos seus integrantes para este procedemento de contratación, será fixado por resolución da Alcaldía. De acordo co establecido no punto 7 da D.A 2ª da LCSP os membros electos non poderán supoñer mais dun tercio do total.

A Mesa poderá solicitar asesoramento externo para a avaliación das proposicións presentadas. Todo os membros da mesa terán voz e voto.

Para a válida constitución da Mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros, e, en todo caso, o Presidente e o Secretario.

## **18. APERTURA DE DOCUMENTACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS.**

No procedemento de contratación tramitado sobre a base do presente PCAP constituirase unha Mesa de contratación como órgano técnico de asistencia ao competente para contratar.



A composición da Mesa de contratación será a que se di na cláusula 17.

De todas as reunións da Mesa de contratación levantarase acta sucinta reflectindo o acaecido, incorporándose ás mesmas, se é o caso, os informes que se evacúen para auxiliar as decisións deste órgano.

En acto privado a Mesa de Contratación abrirá as solicitudes de participación e procederá a cualificar a documentación e a baremar ditas solicitudes segundo os criterios de selección.

### **18.1. - Apertura do " Sobre A".**

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións subsanables, rexeitamento de proposicións e apertura do arquivo ou sobre electrónico contendo as referencias técnicas, e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos art. 146 e ss. LCSP, e Regulamento de desenvolvemento da Lei. A estes efectos a Administración comunicará ao contratista os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar

### **18.2. Apertura do "Sobre B".**

A apertura das proposicións técnicas realizarase na sala de reunións da Casa consistorial no día que se indique no Perfil do Contratante ou taboleiro de anuncios do Concello, sempre que nesa data estean corrixidas as deficiencias subsanables ou transcorrese o prazo concedido para iso, no seu caso.

Comezará este acto dando lectura ao anuncio da licitación, e a Mesa procederá á apertura dos sobres que conteñen as ofertas técnicas pola orde da súa presentación, dando a coñecer o contido de cada unha.

A Mesa de Contratación solicitará a evacuación dos informes técnicos que se consideren oportunos para realizar a valoración das ofertas técnicas ou os cálculos que considere necesarios, salvo que dispoña de todos os elementos necesarios para formarse o seu xuízo de valor e valorar directamente as ofertas técnicas presentadas.

### **18.3. Apertura do "Sobre C".**

Despois de concluída completamente a valoración das ofertas técnicas, se publicará a valoración no perfil do contratante, e a continuación, se procederá a realizar a apertura das ofertas económicas do Sobre "C" en acto non público. A Mesa de Contratación valorará as ofertas presentadas,

ben no mesmo acto ou interrompendo este polo tempo mínimo necesario para realizar os cálculos correspondentes. Continuarase, no seu caso, o acto no que se dará conta da valoración das ofertas económicas e a puntuación global de todas as ofertas, e de acordo con esta, formulará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación, indicando a orde de preferencia para a adxudicación.

#### **18.4. Rexeitamento de proposicións.**

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa, en resolución motivada (Artigo 84 do RXLCAP).

**18.5.** A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, sen atender necesariamente ao seu valor económico, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no presente Prego.

### **19. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.**

Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais na oferta económica, notificará esta circunstancia aos licitadores presuntamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen ditas ofertas, acompañando a documentación correspondente. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a través da propia PLACSP a fin de que emitan o correspondente informe.

As baixas desproporcionadas ou temerarias apreciaranse de acordo co establecido no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non se a oferta económica é anormalmente baixa aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles



de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma, así como porcentaxes de gastos xerais, etc., dos que partan. En particular, no que se refire aos seguintes valores:

- O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.
- As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras,
- A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.

## **20. CLASIFICACIÓN DAS PROPOSICIÓN.**

**20.1.-** A proposta de adxudicación do contrato, da mesa de contratación non crea dereito ningún a favor do empresario proposto, que non os adquirirá, respecto á Administración, mentres non se lle efectuou a adxudicación do contrato, a cal lle outorgará o dereito a través da súa formalización.

### **20.2.- Exclusión de ofertas desproporcionadas e clasificación das restantes presentadas.**

**20.2.1.-** Se o órgano de contratación, á vista do procedemento tramitado segundo a cláusula 19 e da proposta do órgano encargado da apertura de ofertas, estimase que algunha oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, declararaa como desproporcionada ou anormal e excluíraa da clasificación. Neste sentido non estará vinculado pola admisión, ou proposta de declaración, que a mesa efectuara.

**20.2.2.-** O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado. Para realizar a dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para iso cantos informes técnicos estime pertinentes.



**20.2.3.-** A Administración poderá declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución, cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no presente Prego ou incumpra as condicións mínimas de execución precisadas pola documentación contractual.

Todo iso con independencia das facultades de desestimento e renuncia, nas condicións legalmente contempladas.

## **21. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE PRESENTE A OFERTA MÁIS VANTAXOSA.**

Unha vez clasificadas as ofertas, o órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez (10) días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibira o requirimento, presente a seguinte documentación, redactada en castelán ou galego ou acompañada da correspondente tradución oficial.

### **DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS DO ARTIGO 140 DA LCSP Á DATA DE FINALIZACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN:**

De conformidade co art. 140.4 LCSP o momento decisivo para apreciar o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia será o de finalización do prazo para presentar as proposicións, en consecuencia, esta documentación deberá referirse ao momento de presentación da proposición.

#### **A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario.**

**A-1) Empresario individual.** Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

**A-2) Persoas xurídicas.** Escritura de constitución ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Engadirase, así mesmo, copia das escrituras ou documentos de modificación dos anteriores. Fotocopia do DNI do seu



representante, asinante da proposición e demais documentación. Fotocopia do NIF da empresa, para o caso de non determinarse na escritura.

**A-3) Empresas comunitarias.** No caso de empresas ou empresarios de estados membros da Comunidade Europea, ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase de conformidade co previsto nos artigos. 67 e 84.2 da LCSP e 9 do RD 1098/2001. En consecuencia, deberán de acreditar a inscrición nos rexistros ou a presentación das certificacións que se especifican no Anexo I do RD 1098/2001.

**A-4) Empresas non comunitarias.** As demais empresas ou empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar de acordo co precisado polos artigos. 84.3 da LCSP e 10 do RD 1098/2001. Estas empresas deberán engadir, así mesmo, o Informe de reciprocidade que refire o art. 68. 1 da LCSP, salvo que se trate de empresas de Estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública de la Organización Mundial de Comercio.

**A-5) Disposición común a empresas estranxeiras** (comunitarias ou non comunitarias). Declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois. As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponderá ao licitante (art. 140.1.f da LCSP).

## **B) Poderes.**

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante. O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

## **C) Bastanteo de poderes.**

Os poderes a que se refire o apartado anterior desta cláusula, deberaos





bastantear previamente a Secretaria do Concello de Soutomaior ou funcionario habilitado de dita institución.

Admitiranse os bastanteos de poderes efectuados por avogado do Estado ou asesorías doutras Administracións públicas.

A achega da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamento poderá suplir a achega deste, sempre que tal dilixencia identifique perfectamente ao representante, representado, escritura de apoderamento e que as facultades que se lle confiren son bastantes para o contrato, ou contratos, en cuestión.

A presentación do poder, ou da dilixencia de bastanteo do mesmo nos termos expostos, suporá, aos efectos do Art. 1733 e concordantes do Código Civil, expresa declaración de non terlle sido revogado con fecha posterior.

Os empresarios que concorresen integrados nunha unión temporal de empresas engadirán a xustificación da personalidade xurídica de cada empresa e da súa representación.

#### **D) Prohibición para contratar ou incompatibilidade.**

Acreditación de non estar incurso en prohibicións para contratar, mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos.

Cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, achegarase declaración responsable onde constará, expresamente, que o empresario ou a empresa, os seus administradores ou órganos de dirección, non se atopan incursos en ningunha das prohibicións para contratar coas Administracións Públicas impostas pola lexislación vixente e, en concreto, nas sinaladas polo art. 71 da LCSP, 14 da Lei 3/2015, e demais que puidesen ser de aplicación, manifestando que atopan o corrente dos seus deberes tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións aplicables. Esta declaración será outorgada por apoderado ante a Secretaría do Concello de Soutomaior, notario público ou organismo profesional cualificado.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante



unha autoridade xudicial.

No caso de UTEs esta declaración efectuarase, respecto de cada empresa, por cada un dos representantes da mesma, debidamente apoderado.

Todo de acordo co precisado polos arts. 13 e seguintes do RD 1098/2001.

### **E) Documento de clasificación empresarial.**

Para ser adxudicatario do presente contrato non será preciso estar en posesión de clasificación empresarial, de conformidade co disposto no informe 26/2009, de 1 de febreiro, da Xunta Consultiva de Contratación. Todo iso sen prexuízo de acreditar a correspondente solvencia económica e financeira, técnica e profesional do empresario, polos medios relacionados no apartado seguinte.

### **F) Acreditación de solvencia.**

- **Solvencia económica e financeira:**

A solvencia económica e financeira deberá acreditarse mediante a achega dun seguro de indemnización por riscos profesionais que garanta unha contía equivalente ao valor medio anual do contrato (146.293,12 €)

- **Solvencia técnica e profesional:**

Para a acreditación da solvencia técnica aportarase relación asinada polo representante da empresa, dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Dita relación deberá presentarse nos termos e segundo o cadro modelo que se recolle na cláusula 12.

**G) Compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para elo**, de conformidade co modelo establecido como ANEXO III.

### **H) Declaración de empresas vinculadas.**

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos ós que se refire o artigo 139 da LCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta





circunstancia e o nome ou a denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

**I) Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social**, ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

**J) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria e pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia**, ao abeiro dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente do pagos das súas obrigacións tributarias.

**K) Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas** no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

**L) Certificación positiva de non ter contraída débeda ningunha coa Facenda do Concello de Soutomaior.**

**M) Xustificante de ter depositado, na Tesourería do Concello, a garantía definitiva polo 5% importe de adxudicación, excluído o IVE**, en calquera das modalidades legalmente previstas e a taxa por formalización de contrato e gastos xerados pola publicidade de licitación nos diarios oficiais. Os gastos procedentes desta publicidade e estudos previos enténdese co límite precisado no art. 75 do RD 1098/2001 en non superarán os 4.000,00 €.

**N) Xustificación, de ser o caso, de que a empresa conta na súa plantilla con número de traballadores con discapacidade non inferior ó 2%.**

Para acreditar este feito deberá aportar a seguinte documentación:

- Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.
- Relación de traballadores discapacitados, especificando cales deles teñen o carácter de fixos, acompañada de resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade, así como o seu



contrato de traballo.

**O) A documentación relativa á subscripción de póliza de responsabilidade civil.**

- Subrogación empresarial.

Convenio Colectivo ACTIVIDADES FORESTALES , con código 99100225012019 publicado o 11 de xullo de 2019 no “*Boletín Oficial del Estado*”. O adxudicatario subrogará en todos os dereitos e obrigacións os traballadores da empresa saínte, nos supostos incluídos en devandito Convenio.

**DISPENSA DA OBRIGA DE PRESENTAR DETERMINADA DOCUMENTACIÓN NO CASO DE FIGURAR INSCRITO NO REXISTRO OFICIAL DE LICITADORES E EMPRESAS CLASIFICADAS DO ESTADO OU DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS.**

Aquelas empresas que se atopen inscritas no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia, que acompañen a correspondente certificación, estarán dispensadas de acreditar os datos referidos polo artigo 96.1 da LCSP, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios á fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos, ou clarificar calquera extremo.

De referirse, o correspondente certificado, a outros datos inscritos e esixidos polos presentes pregos, a dispensa alcanzará aos mesmos.

O certificado do Rexistro oficial de licitadores en cuestión deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación.

De acordo co previsto no art. 22 do RD. 1098/2001, poderá solicitarse do empresario aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados para xustificación da súa capacidade e ausencia de prohibicións para contratar, ou mesmo pedir a presentación doutros complementarios. Tales requirimentos deberán de cumprirse nun prazo máximo de 5 días naturais.

Por outra banda, si se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada comunicárase á empresa concedéndolle un



prazo de tres días hábiles para subsanación.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento establecido nesta cláusula no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Igual consecuencia procederá por inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe, así como pola inadecuación ou insuficiencia de tales para acreditar os extremos requiridos en atención ao obxecto e características do contrato. Iso sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar.

## **22. ADXUDICACIÓN.**

**22.1.** Dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación precisada no artigo anterior, o órgano de contratación deberá ditar resolución de adxudicación do contrato, sempre que o licitador presentara a devandita documentación e acreditado que reúne as condicións esixidas ao efecto.

A devandita documentación será informada previamente polo servizo de contratación, de prevención de riscos laborais e polo servizo responsable do contrato e os que se estime, de así proceder.

**22.2.** Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

Non obstante, nos termos previstos no artigo 152 LCSP, a Administración, antes de ditar a adxudicación, poderá renunciar a asinar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este adoeza de defectos non subsanables, debendo de indemnizar os licitadores, en ambos os dous casos, dos gastos que a súa participación na licitación lles efectivamente ocasionase.

**22.3.** A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante. Deberá conter os extremos sinalados no art. 151.1 LCSP.



**22.4.** Ao considerarse para a adxudicación do contrato unha pluralidade de criterios e dada a súa complexidade, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de 6 meses a contar dende a apertura das proposicións.

### **III. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

#### **23. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

##### **23.1.**

Unha vez que transcorran 15 días hábiles dende que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos, o Concello requirirá o adxudicatario para que subscriba o documento administrativo de formalización do contrato, nun prazo non superior a 5 días contados dende o seguinte ao que recibise o requirimento. Iso sempre que non se interpuxera recurso que leve consigo a suspensión de formalización, salvo que tal suspensión fose alzada por órgano competente para coñecer de recurso.

Ao contrato administrativo unirase, formando parte deste, a oferta do adxudicatario e un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e das prescricións técnicas, debidamente compulsados.

**23.2.** Para o caso de adxudicación a unha Agrupación de Empresas deberán estas, unha vez comunicada a devandita adxudicación e antes da formalización do contrato, acreditar a súa constitución en escritura pública, e achegar o NIF asignado á Agrupación. Así mesmo, deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción de este, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobramentos e pagamentos de contía significativa.

**23.3.** O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizárase en escritura pública cando así solicíteo o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.



**23.4.** Se por causa imputable ao adxudicatario non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise, e procederá a indemnización dos danos e prexuízos ocasionados ao Concello. Neste suposto, poderá adxudicarse o contrato á seguinte proposta máis vantaxosa, logo de acreditación de extremos sinalados en cláusula 10.

**23.5.** A formalización do contrato publicarase nos termos expostos no art. 154 da LCSP.

## **IV. EXECUCIÓN DO CONTRATO.**

### **24. GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO.**

O adxudicatario virá obrigado a pagar os gastos de anuncios que xere o proceso de adxudicación e os preparatorios e de formalización do contrato (boletíns e periódicos), por unha soa vez para cada un deles, así como os tributos que pesan sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como os de estudos preparatorios de licitación. Tal contía non superará os 4.000,00 €.

### **25. RESPONSABLE DO CONTRATO.**

O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme ó establecido no artigo 62 da LCSP, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización se axusta ó establecido, e cursará as ordes e instrucións do órgano de contratación.

O adxudicatario deberá designar unha persoa responsable da execución do contrato, con competencia profesional e capacidade suficiente para representar á entidade en todo canto afecte á súa execución, e que será a interlocutora ca Administración.

### **26. EXECUCIÓN: CONTIDO, CUMPRIMENTO DEFECTUOSO E INCUMPRIMENTO DO CONTRATO.**

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, conservando a Administración os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos de que se trate .



O adxudicatario executará o contrato con estrita suxeición ás estipulacións contidas nos pregos, así como de acordo cas instrucións que para a súa interpretación dera o órgano de contratación, que se reserva o dereito de supervisión e inspección. A empresa contratista non poderá obstaculizar en ningún caso os labores de inspección e control exercidos desde o Concello de Soutomaioir.

Serán por conta da empresa contratista a totalidade dos medios, os materiais, etc. necesarios para levar a cabo os servizos.

A empresa contratista deberá cumprir as disposicións vixentes en materia fiscal e en materia laboral e de Seguridade Social e Prevención de Riscos Laborais en relación co persoal que empregue na execución da prestación dos servizos.

A totalidade do persoal dos servizos dependerá exclusivamente da empresa contratista, ostentando esta os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empresaria, sen que poida realizárselle ningunha reclamación ao Concello de Soutomaioir derivada de tales relacións laborais ou restantes deberes.

A empresa contratista será a única responsable ante calquera sinistro ou reclamación (xudicial ou extra xudicial) relacionada co persoal que traballe na execución da prestación, propio ou das eventuais subcontratacións, non asumindo o Concello de Soutomaioir ningún tipo de responsabilidade laboral (incluída a referente á seguridade, hixiene e saúde laboral), de Seguridade Social, fiscal ou medio ambiental que a empresa contratista contraía directa ou indirectamente. Igualmente, a empresa contratista asumirá exclusivamente as responsabilidades que puideran derivarse de sinistros orixinados pola execución da prestación.

A empresa contratista virá obrigada ao cumprimento dos deberes derivados da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento, no caso de que accedese a datos de carácter persoal.

O Concello de Soutomaioir observará, no seu caso, o réxime de dobre oficialidade lingüística establecido polo Estatuto de Autonomía de Galicia, e pola normativa que a desenvolva.





A empresa contratista estará obrigada a prestar os servizos obxecto do contrato de conformidade co establecido nas instrucións para a incorporación de criterios sociais, ambientais e outras políticas públicas na contratación da Administración da Comunidade Autónoma Galega e do seu sector público.

No caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato, o órgano de contratación poderá imporlle ó adxudicatario as penalidades establecidas no artigo 194 da LCSP. As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, a proposta do responsable do contrato, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que en concepto de pago total ou parcial deban abonarse ó contratista. En todo caso, a garantía constituída responderá da efectividade de aquelas.

A imposición de penalidades non exclúe a indemnización a que poida ter dereito á Administración polos danos e prexuízos ocasionados polo contratista.

Se do incumprimento por parte do contratista se derivase perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público, e a Administración non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá abonar á Administración os danos e prexuízos que efectivamente irrogase.

## **27. OBRIGAS ESPECÍFICAS DO CONTRATISTA.**

1. O adxudicatario queda obrigado a aportar e empregar para a execución do contrato todos os medios persoais e materiais que tivese comprometido na súa oferta.

A adquisición de todo tipo de material para a prestación do servizo será de conta e risco do adxudicatario, así como os gastos de entretemento, conservación e mantemento para un perfecto funcionamento durante o período de vixencia do contrato.

O Concello entenderá que o material, maquinaria, etc., ofertado na proposta foi considerado polo licitador como suficiente para a realización do servizo, e de non resultar así, o adxudicatario deberá adquirir, o seu risco e ventura, o preciso para a súa correcta prestación, so pena de que



se lle impoñan as multas e se lle esixan as responsabilidades a que houbera lugar.

2. Efectuada a adxudicación, notificarase ao Concello, os nomes, categorías e demais circunstancias persoais dos traballadores que cubran a plantilla para o desempeño do servizo, así como as variacións que se produzan no mesmo.

3. O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, que terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste. Polo tanto, o persoal da empresa adxudicataria en ningún caso poderá considerarse con relación laboral contractual, funcional ou de natureza análoga respecto ao Concello, debendo dita empresa ter debidamente informado ó persoal de este extremo. Ao remate da adxudicación non se producirá traspaso polo feito de asumir o Concello directamente a prestación do servizo, ou adxudicalo a outra empresa.

A empresa adxudicataria comprométese a ter debidamente dado de alta ao persoal no réxime xeral da Seguridade Social e cumprir todas as obrigacións legais contractuais respecto do mesmo.

4. O adxudicatario queda obrigado, respecto do persoal destinado á execución do contrato, ó cumprimento da normativa laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se atope vixente en cada momento. No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido ós traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen en modo algún á Administración.

5. O adxudicatario comprométese a retribuír axeitadamente ó persoal destinado ó servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole. Así mesmo será responsabilidade do contratista facilitar ós seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo.

6. Será obriga da entidade adxudicataria indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou polo persoal ou medios dependentes





do mesmo a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

7. Será obriga da entidade adxudicataria contratar un seguro de responsabilidade civil que cubra as garantías e indemnizacións que se lle poidan reclamar por danos e prexuízos durante a execución do contrato, e deberá presentar un exemplar de dita póliza previamente á adxudicación do contrato e antes da súa formalización, así como certificado ou documento acreditativo expedido pola entidade aseguradora de que se atopa ó corrente dos pagos.

Ademais estará abrigado a presentar ó vencemento da póliza o recibo acreditativo do pago da póliza correspondente.

A póliza deberá dar cobertura para as actividades do servizo, mais o risco in-itinere, sendo os capitais ou garantías mínimos 30.000,00 euros de falecemento por accidentes, e asistencia sanitaria ilimitada en centros concertados e 1.000,00 euros en centro de libre elección. No que se refire á responsabilidade civil, por un valor de 600.000,00 euros por sinistro, 150.000,00 euros por vítima e cobertura patronal que cubra os danos derivados de accións ou omisións culposas ou negligentes dos empregados no exercicio das súas funcións propias ou dependentes do seu cometido laboral, ou como consecuencia dos danos que puideran sufrir as persoas para as que o asegurado desenvolva a súa actividade, sempre que ditos danos teñan causa nunha acción ou omisión culposa ou negligente do persoal da empresa.

8. Rematado o contrato, o contratista asume o compromiso de continuar ca prestación dos servizos ata que o contrato sexa adxudicado a outro empresario, previa a tramitación do correspondente expediente de contratación. A Administración comprométese ó pago e mantemento do equilibrio económico do contrato durante o tempo que dure a situación anteriormente descrita.

Serán deberes contractuais esenciais os seguintes:

- A obrigación da empresa contratista de cumprir durante todo o período de execución de contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación (art. 35 LCSP) e, especialmente, a obrigación do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio Colectivo sectorial de aplicación



(art. 122.2 LCSP).

- A obtención de cantas licenzas e permisos fosen necesarios para executar correctamente os servizos.
- A subscrición e mantemento da póliza de seguros indicada no punto 7 da presente cláusula.
- A substitución do persoal no caso de que este non cumprise a súa función coa debida dilixencia e eficiencia, non estivese capacitado, fóra pouco coidadoso no desempeño dos servizos ou cometese actos perniciosos para a boa marcha do contrato.
- O indicado na cláusula 36 do presente prego respecto da protección de datos.

## **28. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.**

Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no Art. 214 LCSP.

De conformidade co establecido no artigo 296 da LCSP, a subcontratación soamente poderá recaer sobre prestacións accesorias e adaptaranse ao disposto nos arts. 215 e 216 da LCSP, considerando:

- O prazo de antelación para que o contratista comunique por escrito a intención de subcontratar parte da prestación será, como mínimo, de 5 días hábiles á data no que se iniciará a execución do subcontrato.
- Deberá engadirse declaración responsable do subcontratista, formulada ante a Secretaría da Administración Municipal do Concello de Soutomaior, notario público ou organismo profesional cualificado, de non atoparse inhabilitado para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendido nalgún dos supostos do art. 71 da LCSP, con expresa manifestación de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Nos 10 días seguintes á conclusión da subcontratación deberá aportarse certificación relativa á empresa subcontratada de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- O subcontratista deberá de adaptarse na execución da parte do contrato á lexislación que regule as relacións laborais no seno da



súa empresa, á normativa aplicable á prestación e, especialmente, aquela en materia de seguridade e saúde no traballo.

Cando o contratista non cumpra coas condicións para a subcontratación establecidas no art. 215.3, ou nesta cláusula, ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación, imporase a penalidade regulada no art. 215.3, con suxeición ao seguinte:

- Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago, total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao art. 194 da LCSP.
- Como regra xeral, a súa contía será un 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá acadar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración nos incumprimentos poderá terse en conta para avaliar a gravidade.

As modificacións que se produzan nas prestacións obxecto do subcontrato ao longo da súa execución deberán notificarse por escrito ao órgano de contratación, nun prazo non superior a quince días, de producirse a mesma, con indicación das modificacións producidas.

## **29. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.**

1. A Administración ostenta a prerrogativa de modificar por razóns de interese público o contrato, con suxeición ó disposto nos artigos 190 e 203 da LCSP, debendo formalizarse en documento administrativo as modificacións con arranxo ó establecido no texto legal.

De conformidade co establecido no artigo 203 da LCSP os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma prevista na sección 3ª do Título I do Libro II, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191 da LCSP.

A Administración poderá modificar o contrato, concretamente aumentar o número de unidades. A modificación no número de unidades estará limitada a un aumento máximo, do 20% do orzamento de licitación.

Cando as modificacións afecten ó réxime financeiro do contrato, a



Administración deberá compensar ó contratista de xeito que se manteña o equilibrio económico do contrato. Non procederá tal compensación no caso de que os acordos que dite a Administración respecto ó desenvolvemento do servizo non teñan transcendencia económica.

### **30. EXTINCIÓN DO CONTRATO.**

O contrato extinguirase polo seu cumprimento ou a súa resolución.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos termos deste e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación.

O contratista queda obrigado a observar no cumprimento do contrato todo o disposto no clausulado do presente prego, así como no de prescricións técnicas e na LCSP.

Será causa de resolución o sinalado no artigo 39.2.a da LCSP, en canto á falta de capacidade de obrar ou de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional debidamente acreditada do adxudicatario.

No caso das UTEs cando algunha das empresas integrantes atópese afectada os supostos a) ou b) do art. 211.1 da LCSP, a Administración estará facultada para esixir o cumprimento dos deberes contractuais ao resto das empresas que constitúan a UTE ou acordar a resolución do contrato.

Ademais poderán motivar a resolución do contrato:

- As reiteradas deficiencias na execución do contrato ou a interrupción do mesmo, salvo caso de forza maior. Unicamente terá a consideración de forza maior os supostos sinalados no artigo 239.2 da LCSP.
- A obstrución ás facultades de dirección e inspección da Administración. Considerarase igualmente xusta causa de resolución do contrato por incumprimento do contratista a reiterada obstrución ou falta de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección e inspección recoñecidas á Administración no presente prego, previamente advertida por escrito.
- O incumprimento da obriga do contratista de gardar sxiilo respecto ós datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios,



estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento por razón do mesmo.

- A manifesta falta de calidade na prestación do servizo.
- A falta de pago das nóminas do persoal encargado da prestación do servizo, por dous meses consecutivos ou tres meses alternos nun período de un ano.
- Polo incumprimento reiterado das prescricións técnicas do servizo, así como no que atinxe ós medios persoais e materiais comprometidos, tempos de resposta e/ou resultados asignados ó servizo.

A resolución do contrato dará dereito ó contratista, en todo caso, a percibir o prezo dos servizos que efectivamente realizara de acordo ao contrato e que se recibiran pola Administración.

A aplicación e efectos das causas de resolución do contrato serán as previstas nos artigos 212 e 213 da LCSP.

### **31. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.**

Fíxase un prazo de garantía dun (1) ano, contando desde a terminación do contrato.

Se durante o prazo de garantía acreditácese a existencia de vicios ou defectos ocultos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a subsanación dos mesmos, en concordancia co artigo 311.4., da LCSP.

Transcorrido dito prazo e cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, e prestada a conformidade polo órgano de contratación, se non resultaren responsabilidades que deban exercitarse sobre a garantía definitiva, acordarase a devolución ou cancelación desta, de conformidade co establecido no artigo 101 da LCSP.

De proceder a resolución anticipada do contrato por causa non imputable á contratista, o prazo de garantía manterase, pero o seu importe reducirase en proporción ao que correspondería polo prazo efectivamente cumprido do contrato.

### **32. TRANSMISIÓN DE DEREITOS DE COBRO.**



Segundo se establece no artigo 200 da LCSP, os contratistas que teñan un dereito de cobro fronte á Administración poderán cedelo consonte a dereito, nos termos especificados no dito artigo.

### **33. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.**

O órgano de contratación, de acordo co disposto no artigo 190 da LCSP, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretar o contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- e) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

### **34. RÉXIME DE RECURSOS E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

Este contrato ten natureza administrativa, polo que en todo o non previsto nestes pregos, estarase ao disposto na Lei 9/2017 de contratos do sector público (LCSP); Real decreto 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento xeral de contratos das Administracións Públicas; Lei 7/1985, Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia; e as demais normas de dereito administrativo que sexan de aplicación á contratación local. No seu defecto, acudirse ás normas de dereito privado.

O contratista sométese expresamente a dita lexislación.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato resolveranse polo órgano de contratación; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, a tenor da Lei de dita Xurisdición. Sen embargo, os interesados poderán interpor o recurso potestativo de reposición previsto nos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Sen embargo, contra os actos ditados no expediente de contratación e no proceso de adxudicación precisados no art. 44 da LCSP, aplicarase o réxime especial de recurso que dito precepto e os posteriores, establecen. Nestes casos non caberá a interposición do recurso de reposición que regula a Lei 9/2017 (art. 44 da LCSP).

A todos os efectos, incluídos os procesais, entenderase que o lugar de





celebración do contrato é o concello de Soutomaior.

O órgano de contratación, que actúa en nome do Concello de Soutomaior, é a Xunta de Goberno Local.

### **35.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE.**

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase no prazo de 5 anos desde o coñecemento da información, salvo que o contrato estableza un prazo maior.

Os órganos de contratación non poderán divulgar a información facilitada polos empresarios que estes designaran como confidencial. Para estes efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un de sóbrelas unha relación coa documentación á que deran ese carácter.

### **36.- PROTECCIÓN DE DATOS**

**36.1.-** O adxudicatario, na realización dos traballos contratados, adecuará as súas actuacións á normativa vixente sobre Protección de Datos de Carácter Persoal.

**36.2.-** O adxudicatario, sexa persoa física ou xurídica, e o persoal ao seu servizo que teña acceso ou realice calquera tratamento con datos de carácter persoal, terá a consideración de “encargado do tratamento” e o acceso á información de carácter persoal necesario para a realización dos traballos non suporá “comunicación de datos”, a efectos do disposto na normativa sobre Protección de Datos de Carácter Persoal.

**36.3.-** De conformidade co artigo 28 do RGPD, o encargado:

- Tratará os datos persoais unicamente seguindo instrucións documentadas da persoa responsable, inclusive con respecto ás transferencias de datos persoais a un terceiro país ou a unha organización internacional, salvo que estea obrigado/a iso en virtude do Dereito da Unión ou dos Estados membros que se aplique ao encargado, en tal caso, o/a encargado/a informará á persoa responsable desa esixencia legal previa ao tratamento, salvo que tal dereito prohiba por razóns importantes de interese público;





- Garantirá que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprometéronse a respectar a confidencialidade ou estean suxeitas a unha obrigaón de confidencialidade de natureza estatutaria;
- Tomará todas as medidas necesarias de conformidade co artigo 32;
- Respektará todas as condicións indicadas nos apartados 2 e 4 para recorrer a outro encargado do tratamento;
- Asistirá á persoa responsable, tendo en conta a natureza do tratamento, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, sempre que sexa posible, para que este poida cumprir coa súa obrigaón de responder as solicitudes que teñan por obxecto o exercicio dos dereitos das persoas interesadas establecido no capítulo III;
- Axudará á persoa responsable a garantir o cumprimento das obrigaóns establecidas nos artigos 32 a 36, tendo en conta a natureza do tratamento e a información a disposición do/a encargado/a;
- Suprimirá ou devolverá, a elección do responsable, todos os datos persoais unha vez finalice a prestación dos servizos de tratamento, e suprimirá as copias existentes a menos que se requira a conservación dos datos persoais en virtude do Dereito da Unión ou dos Estados membros;
- - Porá a disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das obrigaóns establecidas, así como para permitir e contribuír a á realización de auditorías, incluídas inspeccións, por parte do responsable ou doutro/a auditor/a autorizado/a por o/a responsable. Neste suposto, o encargado do tratamento informará inmediatamente á persoa responsable si, na súa opinión, unha instrución infrinxe o Regulamento ou outras disposicións de protección de datos da Unión ou dos Estados membros.
- A empresa contratista virá obrigada ao cumprimento dos deberes derivados da Lei orgánica 3/2018 de Protección de datos e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento, en particular:
  - O/a contratista estará obrigado/a:
  - A cumprir coa normativa vixente en materia de protección de datos tanto nacional como europea.
  - Sen prexuízo do establecido no artigo 28.2 RGPD, relativo aos encargados do tratamento, o/a contratista deberá declarar con carácter previo á formalización do contrato o lugar ou lugares onde estarán situados os seus servidores así como desde onde serán os servizos asociados aos mesmos. No caso de que se produzan cambios na localización dos servidores ou no lugar desde onde serán prestados os servizos, o contratista está obrigado a comunicalo.



- Se fose necesario subcontratar os servidores ou os servizos asociados aos mesmos, os/As licitadores/as deberán indicar na súa oferta o nome ou perfil empresarial dos/as subcontratistas aos que se encomende a súa realización.

Estas obrigacións teñen carácter contractual esencial e o seu incumprimento daría lugar á resolución do contrato de conformidade co art. 211.1 f) LCSP.

**36.4.-** No caso de que o adxudicatario destine os datos a outra finalidade, comuníqueos ou os utilice incumprindo as estipulacións establecidas no contrato, será considerado responsable do tratamento, respondendo as infraccións en que incorrese persoalmente, previstas na normativa sobre Protección de Datos de Carácter Persoal.

**36.5.-** A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto aos datos de carácter persoal dos que puidera ter coñecemento por razón da prestación do contrato, deber que subsistirá aínda despois da finalización deste.

O/a adxudicatario/a deberá formar e informar ao seu persoal dos deberes que en materia de protección de datos estean obrigadas a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas de deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidésese incurrir.

O/a adxudicatario/a e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar na súa integridade a normativa sobre Protección de Datos de Carácter Persoal, de conformidade co establecido na Disposición Adicional vixésimo quinta da LCSP.



## ANEXO I. CADRO DE CARACTERÍSTICAS

<b>1. PODER ADXUDICADOR</b>	ADMÓN. CONTRATANTE: <b>CONCELLO DE SOUTOMAIOR</b>	Número expediente:		
		Tipo de procedemento:		<b>ABERTO</b>
		Tipo de contrato:		<b>SERVIZOS POR PREZOS UNITARIOS</b>
		Tramitación:		<b>ORDINARIA</b>
<b>2. REGULACIÓN HARMONIZADA</b>	a) Contrato <b>non suxeito</b> a regulación harmonizada			
	b) Contrato suxeito a regulación harmonizada	<b>X</b>		
<b>3. PROXECTO</b>				
<b>4. CODIFICACIÓN</b>	Vocábulo común de contratos (CPV) : 45500000-2 Aluguer de maquinaria e equipo de construción e de enxeñaría civil con maquinista. 45520000-8 Aluguer de maquinaria para movemento de terras con maquinista.			
<b>5. ORZAMENTO</b>	Exercicio orzamentario 2024-2025-2026-2027-2028	A) Presuposto base de licitación, sen IVE B) IVE (21%): C) TOTAL (A+B)	<b>487.643,73 €</b> <b>102.405,18 €</b> <b>590.048,91 €</b>	
<b>6. ANUALIDADES</b>	Duración: 2024-2028	Sen prórrogas		
<b>7. APLICACIÓN ORZAMENTARIA</b>	-----			
<b>8. PRAZO DE DURACIÓN</b>	<b>CATRO (4) ANOS</b>			
<b>9. CLASIFICACIÓN</b>	Non se esixe			
<b>10. COMPROMISO ADSCRICIÓN MEDIOS</b>	Esíxese			
<b>11. CRITERIOS DE SOLVENCIA</b>	Ver Cláusula 12 do prego.			
<b>12. PERFIL DO CONTRATANTE</b>	<a href="https://www.contrataciondelestado.es">https://www.contrataciondelestado.es</a>			
<b>13. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS</b>	<b>35 DÍAS NATURAIS</b> a contar desde a data de envío do anuncio de licitación ao Diario Oficial da Unión Europea (DOUE)			
<b>14. LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS</b>	LUGAR DE PRESENTACIÓN: (con carácter exclusivo e excluín-te) Plataforma de contratación do Sector Público  <a href="https://contrataciondelestado.es">https://contrataciondelestado.es</a>			
<b>15. GARANTÍAS</b>	<b>PROVISIONAL</b>	Non se esixe		
	<b>DEFINITIVA</b>	5% do importe de adxudicación, excluído IVE		
	<b>COMPLEMENTARI A</b>	Non se esixe		



<b>16. FORMA DE PAGO</b>	Segundo cláusula 9 do PCAP
<b>17. REVISIÓN DE PREZOS</b>	<b>Non procede.</b> Ver cláusula 7 do prego.
<b>18. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE E ESTUDIOS PREVIOS, DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA</b>	Non superarán os 4.000,00 €
<b>19. OUTROS DATOS</b>	<b>18.1. INFORMACIÓN:</b> PERFIL DO CONTRATANTE: <a href="http://www.contrataciondelestado.es">www.contrataciondelestado.es</a> TELÉFONO: 986705114 // 986705106 FAX: 986705333



## ANEXO II. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

"D. /Dna. \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_, na rúa \_\_\_\_\_, n° \_\_\_\_\_, n° teléfono \_\_\_\_\_, con DNI (ou pasaporte, ou documento que o substitúa) n° \_\_\_\_\_, actuando en nome propio ou en nome e representación de \_\_\_\_\_, con DNI ou CIF n° \_\_\_\_\_, e con domicilio en \_\_\_\_\_, n° \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, toma parte no procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, do SERVIZO POR PREZOS UNITARIOS DE ALUGUER DE DIVERSA MAQUINARIA, MANTEMENTO E PEQUENAS REPARACIÓNS do Concello de Soutomaior, e aos efectos da cal fai constar:

**Primeiro.** Que ofrece a seguinte porcentaxe de desconto:

Ud.	Descrición	Prezo unitario base s/IVE	% Descuento	Prezo unitario ofertado s/IVE
km	Desbroce de vial, difícil acceso, por un lateral	487,13 €		
km	Desbroce mecanizado de vial de fácil acceso, por un lateral	176,42 €		
h	Obreiro para pequenas reparacións	23,45 €		
h	Obreiro para traballos de desbroce e xardinería	28,30 €		
h	Pala mixta con maquinista	76,14 €		
h	Pala mixta con picador e con maquinista	86,92 €		
h	Pala eiruga 6.000 kg con maquinista	76,48 €		
h	Pala eiruga 6.000kg con picador e con maquinista	92,87 €		
h	Minipala eiruga 2.700kg con maquinista	43,70 €		
h	Minipala eiruga 2.700kg con picador e maquinista	52,88 €		
h	Minicargadora con maquinista	47,01 €		
h	Minicargadora con varredora de 1,5m e condutor	67,57 €		
h	Tractor con limpapraias con maquinista	55,58 €		
h	Tractor con cuba de 6000L con maquinista	55,58 €		



h	Dumper 1.600 kg con condutor	39,55 €		
h	Carroceta con cesto/pluma 19m/pinza e condutor	79,21 €		
h	Cilindro con maquinista	33,53 €		
h	Máquina de atascos (Rato) con condutor	81,61 €		
h	Máquina desatascadora de muelles con obreiro	47,74 €		
h	Máquina regadora de asfalto (sen emulsión) con obreiro	46,78 €		
h	Máquina cortadora de asfalto con obrero	47,74 €		
h	Motoserra para formigón con obreiro	77,47 €		
h	Hidrolimpadora con obreiro	29,20 €		
m2	Muro de contención de cachotería, ata 2,5 m.de altura, para reparación de viales	121,86 €		
m2	Muro de contención de cachotería, de altura comprendida entre 2,5 m. e 4 m., para reparación de viales	149,00 €		
m3	HM-20 cent plas 40	167,33 €		
m3	HM-25 cent plas 40	171,61 €		
m3	Zahorra artificial / Xabre	31,29 €		
m3	Area para praias, incluído transporte e extendido	26,56 €		

A porcentaxe de desconto indicárase con tres cifras decimais e o importe unitario ofertado indicárase con dous decimais.

**Segundo.** Que o tempo máximo de espera é de ..... horas.

**Terceiro.** Que as horas semanais de dispoñibilidade dos equipos e persoal, son ..... h/semana.

**Cuarto.** Que cumpre con todos os requisitos e condicións que se esixen para adxudicar mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación este contrato e coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas que rexen a contratación.

**Quinto.** Que acompaña a documentación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.





En \_\_\_\_\_, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024  
(Lugar, data e firma do proponente)

Cod. Validación: 7JKEGSWWW4G5ZSJZ7OX2EMEH  
Corrección: <https://soutomaioir.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 54 a 63





## **ANEXO III. MODELO DE COMPROMISO DE ADSCRIBIR Ó SERVIZO OS MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA ISO**

"D. / Dna. \_\_\_\_\_, con residencia en \_\_\_\_\_, provincia de \_\_\_\_\_, na rúa \_\_\_\_\_, n° \_\_\_\_\_, con NIF n° \_\_\_\_\_, en nome propio ou en nome e representación da empresa \_\_\_\_\_, con NIF e domicilio en \_\_\_\_\_, provincia de \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_ n° \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de **SERVIZO POR PREZOS UNITARIOS DE ALUGUER DE DIVERSA MAQUINARIA, MANTEMENTO E PEQUENAS REPARACIÓNS** do Concello de Soutomaior, declara expresamente baixo a súa responsabilidade:

1. Que se compromete a adscribir ó servizo os medios persoais e materiais suficientes que en cada momento sexan necesarios para a execución do contrato .
2. Que se compromete a achegar a documentación que lle sexa esixida pola Administración para a acreditación dos extremos anteriores cando se lle solicite.
3. Que coñece as condicións, requisitos e abrigas sobre protección e condicións de traballo que se esixen para a adxudicación do contrato. Requisitos co que cumpre o persoal.

(Lugar, data e firma do propoñente)"



## **ANEXO IV. AUTORIZACIÓN PARA O USO DA DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO COMO MEDIO DE NOTIFICACIÓN.**

D/Dna. \_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_, en nome e representación (no seu caso) da empresa \_\_\_\_\_, con enderezo na rúa \_\_\_\_\_, en relación coa licitación convocada polo Concello de Soutomaíor para a adxudicación do contrato DE PRESTACIÓN DO SERVIZO POR PREZOS UNITARIOS DE ALUGUER DE DIVERSA MAQUINARIA CON CONDUTOR, MANTEMENTO E PEQUENAS REPARACIÓNS do CONCELLO DE SOUTOMAIOR, de conformidade co disposto no artigo 151 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, e conforme ao disposto no artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de Xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ao servizos públicos, AUTORIZO que calquera comunicación que o Concello de Soutomaíor teña que facer de calquera actuación relativa a este procedemento se me notifique a través da seguinte dirección de correo electrónico:  
\_\_\_\_\_@\_\_\_\_\_.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_  
Sinatura



## ANEXO V. MODELO AVAL, GARANTÍA DEFINITIVA.

A entidade \_\_\_\_\_ (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), NIF \_\_\_\_\_ con enderezo (a efectos de notificacións e requirimentos) en \_\_\_\_\_, na rúa/praza/avenida \_\_\_\_\_, C.P. \_\_\_\_\_ e no seu nome (nome e apelidos dos Apoderados) \_\_\_\_\_, con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta da verificación da representación da parte inferior deste documento.

### AVALA

a: \_\_\_\_\_ (nome e apelidos ou razón social do avalado) con CIF \_\_\_\_\_ en virtude do disposto polo artigo 107 e seguintes da Lei de Contratos do Sector Público, en concepto de GARANTÍA DEFINITIVA, para responder das obrigas seguintes (detallar o obxecto do contrato u obrigas asumidas polo garantizado), pola prestación do SERVIZO POR PREZOS UNITARIOS DE ALUGUER DE DIVERSA MAQUINARIA CON CONDUTOR, MANTEMENTO E PEQUENAS REPARACIÓNS ante o Concello de Soutomaioir, CIF P-3605300-G, polo importe de (en letra) \_\_\_\_\_ euros (en cifra) \_\_\_\_\_ €.

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este aval outorgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requirimento do Concello de Soutomaioir, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas, así como no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Soutomaioir ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para iso autorice a súa cancelación ou devolución segundo o establecido na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.

Lugar e data

Selo e razón social da entidade      Sinatura dos Apoderados

VERIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN POLA ASESORÍA XURÍDICA E A CGD OU AVOGACÍA DO ESTADO		
Provincia:	Data:	Número ou Código:



## **ANEXO VI.- COMPROMISOS E DECLARACIÓN COMPLEMENTARIAS.**

Arquivo electrónico a incluír no sobre electrónico nº 1 “Documentación administrativa”

### **Datos da persoa que formula a declaración:**

Nome:

Apelidos:

NIF:

Correo electrónico:

Fax:

Teléfono móbil:

Dirección postal:

### **No caso de actuar en representación:**

Entidade mercantil ou persoa a que representa:

NIF:

Cargo:

### **A) Información sobre o procedemento de contratación e o poder adxudicador**

- Identidade do contratante:
- Procedemento de contratación:
- Tipo de contrato:
- Título do contrato:
- Clave do expediente:

### **B) Información sobre o licitador**

#### **a) Identificación**

- Nome da empresa persoa xurídica ou nome e apelidos do empresario persoa física:
- NIF da empresa persoa xurídica ou DNI/NIF do empresario persoa física:

#### **b) Información xeral exclusivamente con fins estatísticos da empresa licitadora (indique o que proceda)**

b.1.- É microempresa (conta con menos de 10 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non excede de 2 millóns euros)

“ b.2.- É pequena empresa (conta con menos de 50 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non excede de 10 millóns euros)

b.3.- É mediana empresa (non é nin unha microempresa nin unha pequena empresa, que conta con menos de 250 empregados e cuxo volume de negocios anual non excede de 50 millóns euros ou cuxo balance total anual non excede de 43 millóns euros)

#### **c) Representante do licitador, no seu caso**



- Nome e apelidos do representante:
- Disponibilidade de firma dixital (márquese se fose o caso): "

Así mesmo, declárase responsablemente que a persoa representante que asina a proposición ten poder bastante para a representación do licitador aos efectos do procedemento de contratación.

#### **d) Datos para a práctica de notificacións**

- Sistema de notificación electrónica de Galicia <https://notifica.xunta.gal> (se fose o caso, xeraranse automaticamente avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil indicados):

correo electrónico:

Teléfono móbil:

- Dirección de correo electrónico:
- Fax:
- Dirección postal:

Así mesmo, exprésase o compromiso de aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen por calquera dos medios indicados.

#### **e) Indicación de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas dá Comunidade Autónoma de Galicia ou Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (no seu caso)**

- Nome/s do/o rexistro/s:
- Número de inscrición ou código de identificación:

Así mesmo, declárase baixo responsabilidade que as circunstancias de aptitude para contratar inscritas no/os devandito/s rexistro/s son exactas e non experimentaron variación a data da firma desta declaración.

#### **f) Forma de participación (indique o que proceda)**

f.1.- Individual:

f.2.- Conxunta con outro ou outros en unión de empresarios (UTE): "

Se adxunta ao procedemento nun único exemplar asinado polos integrantes da UTE o documento esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares onde constan os nomes e circunstancias dos que subscriben a UTE, a participación en porcentaxe de cada un deles e maniféstase nel que asumen o compromiso de constituírse formalmente en UTE, no caso de resultar adxudicatarios do contrato. No devandito escrito désígnase a persoa que durante a vixencia do contrato ostentará a representación ou apoderamento único de todos eles fronte ao poder adxudicador.

Neste suposto indícase, ademais, do representante designado o nome e apelidos, NIF, correo electrónico, fax, teléfono móbil e dirección postal:

#### **C) Prohibición de contratar**

Formúlase declaración responsable de que a persoa que actúa en nome propio ou, no seu caso, a compañía á que representa e os seus administradores ou representantes, non están incursas en prohibición de contratar por se mesma conforme ao disposto no artigo 71 da Lei 9/2017, do



8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), nin por extensión como consecuencia da aplicación do apartado 3 do devandito precepto legal.

En particular, o empresario persoa física ou, no seu caso, a empresa persoa xurídica atópase ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal e coa facenda municipal (concello de SOUTOMAIOR), de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, ao día no cumprimento das obrigacións da Seguridade Social e en calquera das situacións previstas na normativa en relación co Imposto sobre Actividades Económicas nos termos establecidos nas disposicións vixentes.

Así mesmo, de que non incorre en ningunha das causas ás que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, regulador do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeneral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

## **D) Personalidade e clasificación ou solvencia**

### **a) Personalidade**

Declárase baixo responsabilidade de que se conta para este procedemento con personalidade xurídica, posuíndo a plena capacidade xurídica e de obrar necesarias para contratar, e de que conforme ao seu obxecto social, se fose o caso, pode presentarse á licitación e atópase legalmente habilitado para realizar as prestacións que constitúen o obxecto do contrato por dispor, se procede, das correspondentes autorizacións ou habilitacións empresariais ou profesionais esixibles ou necesarias para actuar no seu sector de actividade pola normativa de aplicación.

### **b) Clasificación ou solvencia**

Declárase responsablemente de que posúe, segundo corresponde en relación co contrato obxecto de licitación, a clasificación preceptiva ou, de tratarse dunha empresa licitadora non española de Estado membro da Unión Europea ou signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (AEEE) non clasificada en España, a solvencia mediante o cumprimento das condicións mínimas de solvencia esixidas para contratar segundo o disposto no prego de cláusulas administrativas particulares e no seu cadro de características do contrato.

Márquese o que proceda segundo corresponda co contrato licitado:

b.1.- Clasificación preceptiva no seu caso: "

b.2.- Solvencia mediante o cumprimento das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e solvencia técnica, só de tratarse de empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do AEEE non clasificadas en España: "

### **c) Integración da solvencia con medios externos no seu caso**

Declárase baixo responsabilidade que o licitador baséase na solvencia doutras entidades para acreditar a solvencia a que se refire o punto b.2. da letra b) anterior deste apartado D) do presente anexo e consígnase a información específica no DEUC correspondente (márquese se procede): "

## **E) Outros aspectos**

a) Existencia ou non de pertenza ao mesmo grupo de empresas que outra/s empresa/s licitadora/s no procedemento de adjudicación e/ou de sociedades tamén licitadoras integradas por socios nas que concorran algúns dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio a efectos de aplicación do réxime de identificación de proposicións económicas anormalmente baixas



Declárase baixo responsabilidade que, visto o disposto nos artigos 149.3 da LCSP e 86 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RGLCAP), en relación co artigo 42.1 do Código de Comercio e demais normativa de aplicación, a empresa licitadora, ben individualmente ou en unión temporal de empresas, a que represento (consignar o que proceda):

Non pertence ao mesmo grupo de empresas que outra/s empresa/s licitadora/s no procedemento de adxudicación nin está integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio en relación con algunha sociedade tamén licitadora no procedemento de adxudicación.

Si pertence ao mesmo grupo de empresas ..... que outra/s empresa/s licitadora/s no procedemento de adxudicación e/ou si está integrada por algún socio no que concorra algún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio en relación cunha/s sociedade/é tamén licitadora/s no procedemento de adxudicación.

De atoparse neste caso, a entidade á que represento, de acordo co disposto no artigo 86 do RGLCAP en relación co artigo 149.3 da LCSP, comprométese a achegar ou, no seu caso, facilitar canto información lle sexa solicitada.

Inclúese a continuación a denominación social da/s empresa/s na/s que concorre/n esta circunstancia (se a relación de empresas é moi extensa achegarase en documento anexo):.....

#### **b) Para o caso de empate**

Declárase baixo responsabilidade a efectos da aplicación, no seu caso, dos criterios de adxudicación específicos para o desempate o compromiso de achegar documentación de desempate, logo do requirimento correspondente, da/s circunstancia/s indicada/s na cláusula 15 deste prego.

#### **c) Declaración de documentación confidencial**

Declárase en relación coa documentación presentada ao amparo do disposto no artigo 133.1 da LCSP e no prego de cláusulas administrativas particulares:

Non designar documentación de carácter confidencial

Si designar documentación de carácter confidencial

#### **d) Oposición expresa á consulta de datos (márquese se fose o caso)**

Manifesto expresamente, de conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a miña oposición a que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requiran no seo deste procedemento de contratación sexan consultados directamente pola administración contratante e, por tanto, comprométome a achegar a documentación requirida no trámite que corresponda: "

#### **e) Sometemento ao foro español (só para empresarios estranxeiros)**

Declárase o sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador: "

#### **f) DECLARACIÓN COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN EN UTE (cumprimentar só cando se concorre en unión temporal):**

Que se compromete a constituír unha unión temporal de empresas, de conformidade co establecido na Lei de Contratos do Sector Público, a efectos de participar na licitación para a contratación do expediente caso de resultar adxudicatario do contrato.





No caso de resultar adxudicataria comprométese a formalizar en escritura pública a citada unión. A participación na unión temporal de cada membro é a que segue:

\_\_\_\_\_xx%

\_\_\_\_\_xx%

O/a representante legal a efectos de notificacións será \_\_\_\_\_

### **g) Declaracións finais**

O abaixo asinante declara responsablemente que a información comunicada neste anexo é certa, exacta e veraz e facilítase con pleno coñecemento das consecuencias dunha falsa declaración, poderá achegar os certificados e outros tipos de probas documentais contemplados no debido prazo, cando se lles soliciten, excepto no caso de que o poder adxudicador teña a posibilidade de obter os documentos xustificativos de que se trate directamente, accedendo ao Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou a través do acceso e consulta autorizada a bases de datos, así como que cumpre todos os requisitos, condicións ou criterios de aptitude ou selección establecidos legalmente para contratar e dispón da documentación que así o acredita para a súa verificación.

.....de.....de..... (Lugar e data)

Firma do licitador: .....



## ANEXO VII.- PERSONAL A SUBROGAR

ANTIGÜIDADE	TIPO CONTRATO	CATEGORÍA	XORNADA	SALARIO BRUTO ANUAL
16/09/2019	Indefinido	Peón forestal	08:30h – 13:30h 15:30h – 18:30h	15.876,00 €
14/07/2023	Indefinido	Peón forestal	08:30h – 13:30h 15:30h – 18:30h	15.876,00 €

DILIXENCIA: O presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares consta de 63 páxinas e 7 anexos e foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/09/2024.

A SECRETARIA

Asdo.: María Jesús Rodríguez Freire

